

O único que queda é o amor

O amor como enerxía xeradora, como esperanza e como xustificación existencial

XULIO VALCÁRCCEL

O amor, sentimento universal; motor do mundo, en opinión de Ginsberg. É a palabra como expresión dese amor. A forza, a influencia que teñen nas nosas vidas. Poden fincar en nós unha pegada indeleble. En "O único que queda é o amor" (Edicións Xerais, Vigo, 2007) Agustín Fernández Paz expresa a importancia do amor como salvación e da palabra como canle para expresalo. Con esos dous elementos ganduxa uns relatos intensos, vibrantes, nos que recolle as diversas formas do amor, desde o descubrimento adolescente á afirmación póstuma.

Agustín Fernández Paz vai incluíndo frases, versos que lle confiren unha dimensión fonda e luminosa ás historias, que as transforman. Como as azas que o amor pon nos scres, segundo as fermosas ilustracións de Pablo Auladell. Unha cita antecede a cada relato e no propio texto de Agustín, autores coñecidos deitan o seu roncel de palabras nas que a poesía treme e latexa. "Non quero

máis que estar sobre o teu corpo como lagarto ao sol os días de tristez", lemos no primeiro, titulado "Un radiante silencio". Versos como estes per-

mitranlle a Sara consciente de si mesma e das súas arelas.

Anulada por unha existencia xorda e un traballo sen engado, o amor trocará a súa percepción. Inesperadamente, un descoñecido admirador vai lle deixando entre as páxinas dos libros que curiosa a media mañá, na hora do café, unha serie de tarxetinhas con fragmentos de poe-

mas. Desá experiencia xurdirá un amor platónico que arromba a grilla e a rutina. Como remata a cousa non podemos desvealo. Agustín Fernández Paz reserva o factor sorpresa, o desenlace, ás veces esperable, outras sorprendente, na maioría dos contos. Nun deles, mesmo aparecen fantasmas.

Commove a sinxela naturalidade de "Amor de agosto", verán de iniciación, de asombro: primeiro amor, primeiros bicos e conciencia tamén das primeiras perdas. A cita que o precede corresponde a "Corazóns en Atlántida" de Scott Hicks e certamente parece acaerse de pé feito: Hala bicar. E o bico que lle deas será polo que medirás todos os outros bicos da túa vida. Antiga é a preocupación polo amor. Galante, na Idade Media, romántico no XIX. Pero xa os grandes trataron as diferentes manifestacións, desde o eros (en latín cupiditas) que designa a paixón, o desexo sexual, ao agape (en latín caritas), termo que facía referencia á incondicionalidade, ao altruismo. Así vislumamos nestes relatos de Agustín Fernández Paz un abano de posibilidades: desde o amor imaxinado ao poixal, do

personao universal. Outra forma que Fernández Paz recolle é o amor polos animais que conviven con nós e que dedican a súa existencia a facernos compañía. A literatura é reino do posible, un cadeliño pode expresarse, "falar", como acontece en "Esta estraña lucidez". Imaxinación de novelista, si, pero non tanto, pois os afectos requiren duns factores de comunicación que gatos, cans, golfinhos ou cabalos, teñen. Dise que o amor é un sentimento que carece de polo contrario. Odio ou xenreira máis que opostos serían mecanismos de equilibrio para evitar a soberbia ou a autosuficiencia. Humildade necesaria para constituírse no máis importante.

Ilustración de Xavier Garo